

SAL . 005467 19.07.17 14:14

INSTRUCCIÓN 4/2017 DA SECRETARIA XERAL POLA QUE SE ESTABECE UNHA DATA LÍMITE PARA O ENVÍO DAS ACTAS CONSOLIDADAS DOS TRABALLOS FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS FIN DE MASTER (TFM)

Na recente aprobación do calendario académico para o curso 2017/2018 non se estableceu unha data límite para o envío das actas consolidadas referidas aos TFG e aos TFM.

Tanto os sistemas de calidade como a determinación das notas medias das promocións fan necesario establecer unha data límite para a recepción das citadas actas consolidadas.

Para estes efectos só existe unha data límite para a sinatura e o envío das actas individualizadas dos TFG e TFM, isto é o 28 de setembro, e para evitar os posibles trastornos que poida producir a inexistencia dun límite específico para o envío as actas consolidadas, dende esta Secretaría Xeral procede ditar a presente INSTRUCCIÓN:

PRIMEIRO: Establécese como data límite para asinar as actas consolidadas de TFG e TFM, para o curso académico 2017/2018, o día 10 de outubro.

SEGUNDO: O centro respectivo no suposto dos TFG, ou o coordinador do respectivo máster no suposto dos TFM, por causas excepcionais que impidan o envío das actas consolidadas na data establecida no punto anterior, poderán solicitar á Secretaría Xeral, sempre e cando exista, aos seu xuízo, unha causa razoable e excepcional para a mesma.

TERCEIRO: A recepción destas actas nas respectivas Unidades de Xestión Académica terá carácter urgente e preferente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2017


María Consuelo Ferreiro Regueiro

